

## **Acta da Comisión de Garantía Interna de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 26 de febreiro de 2020**

### **Anexos:**

- I. Convocatoria da CGIC do 26/02/2020
- II. Asistentes á CGIC do 26/02/2020
- III. Declaración de interese de Modificación do título Máster Universitario en Enxeñaría de Minas
- IV. Anexos do Manual de Calidade do centro:
  - a. Anexo 1. Listaxe de procedementos en vigor
  - b. Anexo 5. Relación de titulacións oficiais do centro
  - c. Anexo 6. Mapa de Procesos
- V. Rexistros do procedemento DO-0205 P1 Xestión da mobilidade:
  - a. R1-DO0205 P1 Listaxe de estudantado propio seleccionado
  - b. R2-DO0205 P1 Listaxe de estudantado de mobilidade alleo
  - c. R3-DO0205 P1 Listaxe de PDI de mobilidade propio
  - d. R4-DO0205 P1 Listaxe de PDI de mobilidade alleo

Ábrese a sesión ás 12 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas do Módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 18 de decembro de 2019.**

Enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbase por asentimento a acta, que será publicada definitivamente na sección de INICIO/CALIDADE/COMISION DE CALIDADE do centro:

<http://minasyenergia.uvigo.es/gl/calidade/comision-de-calidade>

## 2. Informe do Coordinador.

O Coordinador comenta as principais incidencias relativas á Calidade desde a anterior sesión da CGIC:

- **9 xaneiro 2020:** Publicación pola Área de Calidade dos resultados provisionais da valoración anual do programa Docentia do curso 2017-2018.
- ✓ **23 xaneiro 2020:** A Unidade de Análises e Programas informa de que foi modificada a carga dos indicadores da Excel global para incluír, ademais dos datos "*desagregados por sexo*", o cálculo "*Total*" en varios indicadores.
- ✓ **24 xaneiro 2020:** A Área de Calidade anuncia a posta en marcha o proceso de Enquisas de Avaliación Docente (EAD) do 2º cuatrimestre do curso 2019-2020 e informa do cronograma xeral. Xa finalizou o período de Planificación individualizada polo profesorado e o 13 de marzo finaliza o prazo de planificación polos Centros. As enquisas realizaranse do 30 de marzo ao 8 de maio.
- ✓ **3 febreiro 2020:** A Unidade de Análises e Programas informa da publicación no Portal de Transparencia de varios indicadores (inserción laboral de mestrados 13-14, PDI con sexenios sobre PDI total...) xunto con outra información.
- ✓ **4 febreiro 2020:** Aclaracións de Raquel Gandón (Área de Calidade) sobre o procedemento de actualización do Manual de Calidade e os seus anexos.
- ✓ **5 e 17 febreiro 2020:** Sesións informativas ao alumnado sobre a modificación das titulacións de grao do centro e a súa implantación.
- ✓ **7 febreiro 2020:** A Unidade de Análises e Programas informa dunhas precisións relativas ao cálculo da Taxa de Abandono CURSA e da Taxa de Cambio de Estudo, e indica que proximamente publicará o arquivo excel corrixido.
- ✓ **10 febreiro 2020:** A Área de Calidade informa de que se amplía o prazo límite para ter aprobado o Informe de Revisión pola Dirección ata o 30 de marzo de 2020.

- ✓ **10 febreiro 2020:** A Área de Estudos de Grao do centro comunica que as actas da convocatoria do 1º cuadrimestre do curso 2019/20 se pecharon sen incidencias.
- ✓ **21 febreiro 2020:** A Unidade de Análises e Programas informa da publicación no Portal de Transparencia do indicador de mobilidade de estudantes do curso 2018/19.
- ✓ **21 febreiro 2020:** A Unidade de Análises e Programas informa de incidencias pendentes de solución na xeración do informe REN. Rendemento por Materia e os informes relativos á Taxa de Abandono CURSA e á Taxa de Cambio de Estudo.
- Actualización sobre os Rexistros Pendentes da Axenda Básica de Calidade:
  - ✓ R3-MC02 P1 Informe de QSP periódico: pasouse ao formato habitual e publicouse na Web.
  - ✓ Rexistros do Procedemento PE02 P1 Xestión do PDI:
    - R1 Resultados de avaliación docente definitivos (pendente da publicación dos resultados definitivos do DOCENTIA anual).
    - R3 Listaxe accións formativas derivadas das necesidades detectadas (vaise facer unha consulta por email a todo o profesorado do centro).
    - R4 Ficha de programa actividade de formación (se procede).
  - ✓ R1-DE01 P1 Plan estratéxico do centro (29/11/2019): estase a reformular o plan xeral da UVIGO, polo que a idea é aprazar o plan do centro ata que estea aprobado o da universidade.
  - ✓ R1-IA01 Necesidade de recursos e servizos (28/02/2020): queda pendente para a próxima sesión da comisión.
  - ✓ R1-DE03 P1 Informe Revisión Sistema pola Dirección (30/03/2020): vaise dar información ao respecto no último punto da sesión.
  - ✓ Re-certificación do Sistema de Calidade do centro en proceso: o Coordinador cédelle a palabra a Raquel Gandón (Representante da UTC ) que aclara que se vai levar a cabo unha visita da ACSUG, pero aínda non hai información detallada; probablemente inclúa unha reunión extensa coa Comisión de Calidade e se centre no estado das debilidades detectadas na revisión precedente. A Área de Calidade está a preparar un documento e enviaránnolo proximamente.

### **3. Aprobación, se procede, da declaración de interese de Modificación da titulación oficial Máster Universitario en Enxeñaría de Minas.**

A Presidenta explica o procedemento. Previamente á aprobación en Xunta de Escola, hai que deixar constancia na Comisión de Calidade do interese do centro na modificación das titulacións; este interese é ben coñecido pola Comisión de Calidade posto que o curso pasado fíxose a proposta de facer un plantexamento integral da formación de grao e mestrado, levando a cabo a modificación en dúas fases: primeiro as dos títulos de grao (curso 2018-2019) e, posteriormente, a modificación do título de Máster en Enxeñaría de Minas (curso 2019-2020). Por este motivo propónse agora aprobar a declaración de interese de modificación do título de mestrado (Anexo III).

A Comisión aproba por asentimento o interese do centro na modificación da titulación de Máster Universitario en Enxeñaría de Minas.

### **4. Aprobación, se procede, da actualización dos anexos do Manual de Calidade do centro.**

A Presidenta lembra que o Manual de Calidade foi aprobado en Xunta de Escola o 06/10/2015 e que contén varios anexos que se poden actualizar de xeito independente a medida que é necesario. A continuación da lectura ao punto 6.4.3 Anexos, no que se indica como se fai a xestión destes anexos.

Tendo isto en conta, propónse a actualización dos seguintes anexos (recollida no ANEXO IV):

- **Anexo 1. Listaxe de procedementos en vigor**, para incluír o procedemento de calidade IA-01 Xestión dos recursos materiais e dos servizos, aprobado o 18/12/2019.
- **Anexo 5. Relación de titulacións oficiais do centro**, para retirar da listaxe a titulación Máster en Xeoinformática que consta en el RUCT como titulación en extinción.

- **Anexo 6. Mapa de Procesos.** A última sección do Manual de Calidade, 6.5 Mapa de Procesos, está obsoleta trala aprobación de varios procedementos de calidade nos últimos anos e a consecuente eliminación dos procedementos aos que substitúen. Por este motivo, propónse extraer do Manual de Calidade a devandita sección e engadir un novo anexo, *Anexo 6. Mapa de Procesos*, de xeito que poida ser actualizado incluíndo os procedementos aprobados e eliminando os que foron substituídos, e se manteña coherente coa listaxe de procesos en vigor do Anexo 1.

A Comisión aproba por asentimento a actualización dos tres anexos do Manual de Calidade do centro.

5. **Aprobación, se procede, dos seguintes rexistros do procedemento DO-0205 P1 Xestión da mobilidade:**

- **R1-DO0205 P1 Listaxe de estudantado propio seleccionado**
- **R2-DO0205 P1 Listaxe de estudantado de mobilidade alleo.**

A Presidenta lembra que toda a documentación relativa a este punto da orde do día foi enviada aos membros da comisión por email (Anexo V). A continuación explica que os rexistros do procedemento **DO-0205 P1 Xestión da mobilidade** foron elaborados coa axuda do Subdirector de Relacións Externas e Mobilidade, Don Santiago Pozo-Antonio, e os comenta brevemente:

- **R1-DO0205 P1 Listaxe de estudantado propio seleccionado.** Este rexistro resume a mobilidade do alumnado do centro. Faise unha comparativa cos datos do curso anterior, que reflexa un aumento importante da mobilidade nos graos e a non participación este curso do alumnado do máster.

	Curso 2019-20			Curso 2018-19		
	GEE	GERME	MUEM	GEE	GERME	MUEM
<b>Total alumnado</b>	11	3	0	5	0	3
<b>Porcentaxe total</b>	5,9%	4,3%	0,0%	2,3%	0,0%	11,1%
<b>Porcentaxe Mulleres</b>	7,8%	14,3%	0,0%	3,2%	0,0%	25,0%
<b>Porcentaxe Homes</b>	4,9%	0,0%	0,0%	2,0%	0,0%	8,7%

- **R2-DO0205 P1 Listaxe de estudantado de mobilidade alleo.** Facendo unha comparativa co curso anterior obsérvase que o número de participantes baixou lixeiramente: pasou de 15 a 12.

O Coordinador de Calidade aclara que estes rexistros non conlevan a súa publicación na plataforma do SGIC.

Ademais, este curso o Subdirector elaborou dous rexistros máis para recompilar a mobilidade do profesorado e do persoal investigador:

- **R3-DO0205 P1 Listaxe de PDI propio.** Este rexistro recolle a mobilidade do PDI do centro (1 participante).
- **R4-DO0205 P1 Listaxe de PDI de mobilidade alleo.** Este rexistro resume a mobilidade do PDI alleo acollido no centro (5 participantes).

O Coordinador de Calidade aclara que estes rexistros non figuran na Axenda Básica de calidade pero propón a súa aprobación para completar a información da mobilidade no centro.

A Comisión aproba por asentimento os rexistros do procedemento DO-0205.

## 6. Análise da información dispoñible para a elaboración do Informe de revisión pola dirección (IRPD).

A Presidenta comenta que se iniciou a recompilación dos indicadores de calidade para a elaboración do IRPD do curso 20108-2019 e que, xunto coa documentación para esta sesión, se enviou esta información aos membros da comisión en varios arquivos excel xerados automaticamente dende o Portal de Transparencia da Universidade de Vigo.

A continuación amosa unhas táboas nas que recollen unha comparativa destes indicadores nos últimos tres cursos dos graos impartidos no centro. Iníciase un breve debate para facer unha primeira análise destes indicadores.



O Coordinador de Calidade comenta que, como expuxo no seu informe, os datos de varios indicadores aínda non están ben calculados e estase á espera de que os servizos informáticos resolvan os erros detectados. Por outra parte informa de que xa se levou a cabo a primeira fase do rexistro do Plan de Accións de Mellora na plataforma do SGIC: a inclusión das accións de mellora recompiladas na elaboración do IRPD 17/18. Agora hai que revisar a información introducida e completala.

A Presidenta propón celebrar varias reunións da Comisión de Calidade no próximo mes para ir elaborando o IRPD pouco a pouco.

## 8. Rogos e Preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12 horas e 55 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a vinte e seis de febreiro de dous mil vinte.

Vº e Prace

A Presidenta

O Secretario

Elena Alonso Prieto

Guillermo García Lomba



## **ANEXO I**

Convocatoria da CGIC do 26/02/2020





Por orde da súa Presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía a unha reunión **ORDINARIA** que terá lugar o día 26 de febreiro de 2020 na Sala de Xuntas do módulo de dirección da EE Minas e Enerxía ás 11:30 horas en primeira convocatoria e ás 12:00 horas en segunda, para tratar os seguintes puntos da

## ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 18 de decembro de 2019.
2. Informe do Coordinador.
3. Aprobación, se procede, da declaración de interese de Modificación da titulación oficial Máster Universitario en Enxeñaría de Minas.
4. Aprobación, se procede, da actualización dos anexos do Manual de Calidade do centro.
5. Aprobación, se procede, dos seguintes rexistros do procedemento DO-0205 P1 Xestión da mobilidade:
  - R1-DO0205 P1 Listaxe de estudiantado propio seleccionado
  - R2-DO0205 P1 Listaxe de estudiantado de mobilidade alleo.
6. Análise da información dispoñible para a elaboración do Informe de revisión pola dirección (IRPD).
7. Rogos e Preguntas.

Vigo, 19 de febreiro de 2020

O Coordinador da Comisión de Calidade

Guillermo García Lomba



## **ANEXO II**

Asistentes á CGIC do 26/02/2020.



<b>Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 26 de febreiro de 2020</b>	
Elena Alonso Prieto	Presidenta / Directora
Luisa Álvarez Zaragoza	Repres. do Estudantado Egresado
Carmen Filgueira Sánchez	Representante do Alumnado
Raquel Gandón Chapela	Representante da UTC
Guillermo García Lomba	Secretario / Coord. Calidade
Elena González Rodríguez	Representante do PDI
David Patiño Vilas	Coordinador Grao EE
Teresa Rivas Brea	Enlace Igualdade
M <sup>a</sup> Carmen Romo Pérez	Repr. da Administradora do centro
<b>Escusan a súa asistencia</b>	
María Araújo Fernández	Coordinadora Grao ERME
Diego López González	Representante da Sociedade
Ana Rodríguez Rodríguez	Calidade Máster EM



## **ANEXO III**

Declaración de interese de Modificación do título Máster Universitario en  
Enxeñaría de Minas



## **ANEXO IV**

Anexos do Manual de Calidade do centro:

- a. Anexo 1. Listaxe de procedementos en vigor
- b. Anexo 5. Relación de titulacións oficiais do centro
- c. Anexo 6. Mapa de Procesos



## **ANEXO V**

Rexistros do procedemento DO-0205 P1 Xestión da mobilidade:

- a. R1-DO0205 P1 Listaxe de estudantado propio seleccionado
- b. R2-DO0205 P1 Listaxe de estudantado de mobilidade alleo
- c. R3-DO0205 P1 Listaxe de PDI de mobilidade propio
- d. R4-DO0205 P1 Listaxe de PDI de mobilidade alleo